



## **IES PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO**

Rúa San Clemente, 3 - 15705- Santiago de Compostela

Teléfono: 886 866556 - Fax: 881866567

e-mail: [ies.rosalia.castro@edu.xunta.es](mailto:ies.rosalia.castro@edu.xunta.es)

### **Matrícula na proba libre para a obtención do título de graduado en educación secundaria para persoas adultas**

**(APELIDO ENTRE A LETRA “M” E A LETRA”Z”)**

**Resolución do 24 de xaneiro de 2020, DOG do 5 de febreiro**

- **PRAZO DE MATRÍCULA:**

▲ Convocatoria de setembro: **do 1 ao 8 de xullo** ámbolos dous incluídos

- **REQUISITOS PARA PODER MATRICULARSE**

O alumnado que desexe matricularse en calquera das convocatorias deberá ter cumpridos os 18 anos o día anterior á data da realización da proba.

Non estaren en posesión do título de graduado en educación secundaria.

Non estaren nin teren estado matriculadas no curso 2019-20 nas ensinanzas de educación secundaria ordinaria nin nas de formación profesional básica.

O alumnado matriculado durante o curso 2019-20 na educación secundaria para persoas adultas poderá inscribirse nas probas se previamente cumpre as seguintes condicións:

. Para acudir á primeira convocatoria, o alumnado ten que solicitar a baixa nas ensinanzas do segundo cuadrimestre. Así mesmo, as persoas con ámbitos do primeiro cuadrimestre sen superar deberán renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.

. Para inscribirse na segunda convocatoria, o alumnado con ámbitos suspensos no segundo cuadrimestre ten que renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.

O incumplimento dalgún destes requisitos suporá a anulación da inscrición na convocatoria das probas e dos posibles resultados académicos obtidos nelas.

- **DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FACER A MATRÍCULA:**

- A solicitude (Anexo I) presentarase en PAPEL neste centro coa seguinte documentación:
- Fotocopia do DNI / NIE
- Copia Cotexada, se procede, do certificado dos ámbitos da proba superados en anteriores convocatorias ou certificación académica de ámbitos ou materias superadas.
- Acreditación de proceder doutra comunidade autónoma ou dun país estranxeiro no caso de que se solicite a exención de lingua galega
- Certificación do ditame de discapacidade no caso de que se solicite o recoñecemento de necesidades especiais, cando esta fose recoñecida por outra Administración distinta da Xunta de Galicia

- **CONVALIDACIÓNS**

Os alumnos/as que teñan aprobada con anterioridade algunha das partes da proba (ámbito científico-tecnolóxico, ámbito ciencias sociais, ou grupo lingüístico) deberán acreditálo documentalmente para que lles teña en conta nesta convocatoria.

Os/as alumnos/as que teñan superadas algunhas áreas do CURSO 4º da educación secundaria obrigatoria ou algún ámbito do MÓDULO IV do nivel III da educación secundaria de adultos (LOXSE), quedarán dispensados da realización da proba nesas áreas ou ámbitos aprobados, sempre que o xustifiquen documentalmente.

- **EXENCIÓN DE LINGUA GALEGA:**

Terán dereito a exención aqueles/as alumnos/as procedentes doutras comunidades ou do estranxeiro.

Dita solicitude presentarase, no prazo de matrícula, no centro onde o/a alumno/a presente a matrícula.

- **CALENDARIO DA PROBA**

**SETEMBRO: DÍA 7**

**Chamamento entre as 8:45 e as 9:00 h.**

<b>9.30 h. a 12.00 h.</b>	<b>Ámbito científico-tecnolóxico</b>
<b>12.15 h. a 13:15 h.</b>	<b>Ámbito social</b>
<b>16.00 h. a 19:00 h.</b>	<b>Ámbito da comunicación : l. galega e literatura, l. castelá e literatura e l. estranxeira.</b>

Para a asistencia á proba o alumnado deberá presentar DNI ou pasaporte. Calquera destes documentos de identificación será requisito imprescindible para poder realiza-lo exame.

Na paxina do instituto ([www.iesrosalia.net](http://www.iesrosalia.net)) comunicaremos toda a información relativa a lugares de realización dos exames, listaxes de admitidos, notas..

Poden consultar a normativa e os exames de convocatorias anteriores no seguinte enderezo: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/1238>